

UNHA INVESTIGACIÓN EN CURSO: AS MULLERES NA LÍRICA MEDIEVAL PROFANA GALEGO-PORTUGUESA

LUCÍA SOMORROSTRO LÓPEZ
Universidade da Coruña

Title: A research in course: Women in Secular Medieval Galician-Portuguese Lyrical Texts.

Abstract: The aim of this thesis is to reflect on the role of women in secular Galician-Portuguese *Cantigas* (Poems). The object of study will be dealt with through a multidisciplinary perspective; hence, texts will be approached having into account different aspects: from history, law and religion to gender theories. All these views will help us perform a thorough analysis of the *corpus* of study, which will allow us to conduct a series of classifications of the female characters of the texts, according to several categories that will be outlined during and after the research.

Key words: Middle Ages. Gender Theories. Medieval Galician-Portuguese Lyrical Texts. Troubadourism.

No decurso destas páxinas vaise expor o plan de traballo da miña investigación titulada *As mulleres na lírica medieval profana galego-portuguesa*. O obxectivo principal desta investigación é analizar a imaxe das mulleres e as funcións que lles son atribuídas a través das cantigas profanas galego-portuguesas para, así, reflexionarmos sobre se esa perspectiva reflectida se corresponde co expresado noutras fontes e coa realidade.

Para acadarmos a finalidade descrita, utilizamos unha perspectiva multidisciplinar, é dicir, temos en conta diferentes eidos: desde a historia, o dereito e a relixión, até as teorías de xénero.

Co gallo de organizarmos o noso labor investigador e o *corpus* que inicialmente se analizará, establecemos unha serie de fases a seguir no desenvolvemento desta tese. Así, en primeiro lugar, cómpre realizarmos unha aproximación histórica e social a partir dunha serie de obras —fontes secundarias— que contribúen, en maior ou menor medida, ao estudo sobre a situación das mulleres medievais, como, por exemplo, *A mulher, a luxúria e a Igreja na Idade Média* (1995), da autoría do investigador Mario Pilosu; ou *A vida das mulleres na Galicia medieval 1100-1500* (1993), da profesora M^a

Carmen Pallares Méndez. Tamén consideramos pertinente ter en conta, como punto de partida, a análise realizada pola tamén profesora Esther Corral Díaz na súa obra *As mulleres nas cantigas medievais* (1996), xa que establece un estudo próximo ao do noso traballo.

A continuación, cómpre efectuarmos unha primeira análise, selección e clasificación das cantigas profanas galego-portuguesas. Esta fase do traballo supón limitar o *corpus* literario —fontes primarias— que se estudará: o máis probábel é que acabemos seleccionando unha gran parte das *cantigas descarnho e maldizer* e das *cantigas damigo*; e en menor medida as *cantigas damor*. Consideramos para esta etapa do traballo, entre outras e como máis xerais, as seguintes edicións:

1. Para o xénero satírico, *Cantigas de Escárnio e Maldizer dos Trovadores e Jograis Galego-Portugueses*, edición de Graça Videira Lopes (2002).
2. Para as *cantigas damigo*, a edición do investigador Rip Cohen, *500 cantigas damigo. Edição crítica* (2003); e
3. Para as *cantigas damor*, tanto *Cancioneiro da Ajuda. Edição de Carolina Michaëlis de Vasconcelos* (1990, reprod. da edición de Halle (1904)); como *Cantigas dâmor dos trovadores galego-portugueses. Edição crítica acompanhada de introdução, comentário, variantes, e glossário por José Joaquim Nunes* (1972).

Considerándonos que algunhas das edicións citadas son obras publicadas hai décadas, cómpre termos en conta as edicións máis actuais dos cancioneros individuais, xa que estas se basean nas diferentes aportacións e recentes descubrimentos que se van realizando. Isto leva consigo outras posibilidades de interpretación novas que é preciso non esquecermos no noso traballo.

Nesta fase do plan de traballo consideramos importante analizar as cantigas profanas galego-portuguesas empregando as teorías de xénero, un-

has das perspectivas de análise literaria xurdida nos últimos tempos. Se ben aplicármonos unha visión deste tipo á produción literaria duns autores afastados no tempo á xénese deste movemento podería parecer pouco acaído, utilizamos esta focaxe para comprendermos mellor como se artellaban as relacións de poder home-muller e como estas eran vistas na literatura da época. Partimos das investigacións e análises realizadas por Celia Amorós (coord.) en *Historia de la teoría feminista* (1994), por Helena González Fernández en *Elas e o paraugas totalizador: escritoras, xénero e nación* (2005), ou por Teresa Moure en *Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións* (2011).

A seguinte etapa na elaboración da tese consiste no estudo da lexislación producida entre o século XIII e o século XIV nos reinos occidentais da Península Ibérica. É preciso non esquecermos que este tipo de textos mostran a situación das mulleres na sociedade, pois establecen unha serie de normas, regras e dereitos, nos que se inclúen ou exclúen as mulleres. Así, dan conta, por exemplo, dos oficios e das tarefas que elas desenvolven; ou se hai diferenzas, segundo sexo ou estamento social, na aplicación dos castigos ante un mesmo delito, entre outras cousas. Aquí examinamos, acrecentando o conxunto do *corpus* co que se traballa, fontes primarias e secundarias. En canto ás primeiras, analizamos as *VII Partidas*, de Alfonso X; así como o *Livro das Leis e Posturas* e as *Ordenações Del-Rei Dom Duarte*, estes dous últimos documentos dixitalizados e dispoñíbeis na base de datos en rede *Ius Lusitaniae-Fontes Históricas do Direito Português*. Con respecto ás fontes secundarias empregadas, consideramos as análises realizadas por Magdalena Rodríguez Gil no capítulo “Las posibilidades de actuación jurídico – privadas de la mujer soltera medieval”, en *La condición de la mujer en la Edad Media. Actas del Coloquio Hispano-Francés (Madrid, 5 – 7 noviembre 1984)* (1986); ou a compilación *Las mujeres medievales y su ámbito jurídico. Actas*

de las II Jornadas de investigación interdisciplinaria (1990), editada por Cristina Segura.

Outra fase no proceso de elaboración do noso traballo constitúeo a análise da imaxe das mulleres transmitida polas doutrinas relixiosas. Tal e como se comentou ao comezo desta presentación, outro dos campos de estudo en que baseamos este traballo é a relixión, debido ao seu papel fundamental na sociedade medieval. O cristianismo, como é sabido, constituíuse como o eixo central do pensamento da Idade Media, é dicir, foi o eido principal que influíu na organización social: os preceptos establecidos pola comunidade relixiosa repercuten nos comportamentos e nas actitudes das mulleres e dos homes e, tamén, na comprensión e interpretación de determinados acontecementos. Nesta etapa cómpre ler e analizar as fontes directas, relativas á percepción e aos papeis das mulleres, transmitida pola relixión cristiá, podendo comezar, por exemplo, coas coñecidas epístolas de san Paulo aos corintios, dispoñíbeis en rede.

Este *corpus* inicial e estas etapas descritas teñen que se completar co exame dos *Livros velhos de Linhagens*, na edición de José Mattoso e Josphel Piel (1980). Estes documentos permítennos, para alén de identificar personaxes, examinar os datos que se ofrecen sobre o papel das mulleres na sociedade medieval, así como a organización desta en diferentes estamentos.

Tamén é preciso estudarmos a lírica profana galego-portuguesa como integrante dunha tradición literaria maior, na que se insire tamén a lírica relixiosa. Para realizar isto, analizaranse os diferentes tipos de mulleres que aparecen reflectidas nas *Cantigas de Santa María*.

Todas estas fases do proceso de investigación, así como as perspectivas de análise contempladas, serven para realizar un exame todo o exhaustivo que poidamos do *corpus* e que nos pode permitir levar a cabo unha serie de clasificacións das personaxes femininas que aparecen na lírica medieval profana galego-portuguesa, en función dunha serie de categorías:

O primeiro grupo é posíbel que estea adicado á situación que se percibe das mulleres ante as leis consultadas que, como xa se comentou, corresponden ao período entre o século XIII e o século XIV no territorio occidental ibérico. Aquí estudaríanse aspectos como o concubinato e o adulterio, a importancia (ou irrelevancia) das mulleres na custodia e coidado das/os fillas/os, a súa transcendencia (ou intranscendencia) nas relacións ou acordos comerciais, así como tamén nas mandas testamentarias etc. En canto a isto último, analizaríamos, entre outros aspectos, tanto o xeito en que eran amentadas nos testamentos dos maridos, quer como beneficiarias quer non, posíbeis condicións...; como a posibilidade (ou imposibilidade) de facer elas testamento. A respecto das actividades comerciais, neste apartado tamén debemos considerar a forma en que as mulleres aparecen citadas na documentación dos Gremios, xa que nos permite cotexar a información transmitida por estes escritos e a da lexislación da época.

A continuación, outra categoría de análise podería referirse ás opcións vitais das mulleres, é dicir, os camiños sobre os que podían decorrer as súas vidas segundo o establecido polas leis anteriores: se podían ou non traballar, isto é, realizar algunha actividade e, a cambio, recibir algunha remuneración; en caso afirmativo, quen podía traballar; en caso negativo, cales eran as funcións e/ou responsabilidades das mulleres na sociedade medieval.

Cómpre non esquecer que estes dous grupos vistos estarán sempre apoiados e fundamentados sobre aquilo que se transmite a través das cantigas profanas galego-portuguesas.

Para rematar con esta catalogación, outro posíbel grupo de estudo constituiríase sobre os parámetros estéticos que as cantigas obxecto do noso estudo emiten das mulleres, centrándonos nalgunha composición particular sobre o aspecto físico, a beleza interior, a idade etc. Quérese ver neste apartado cales son os aspectos máis valorados nas mulleres, así como se existe algunha relación entre os papeis sociais atribuídos ás mulleres, e que se

analizan nos outros grupos desta clasificación, e aquilo que se realiza máis delas segundo os textos líricos profanos medievais galego-portugueses.

Confiamos en que todas estas tarefas permitan expor unhas conclusións finais onde se recollan os resultados obtidos deste estudo e que conectan cun dos obxectivos desta tese de doutoramento: ver se a imaxe e as funcións das mulleres na lírica profana galego-portuguesa se corresponden ou non coa realidade transmitida pola documentación histórica e a obras/os historiadoras/es.

Non quixera acabar sen destacar que, como calquera traballo de investigación, este sobre as mulleres na lírica medieval profana galego-portuguesa está suxeito ás modificacións que se consideren oportunas, segundo se vai avanzando nas fases que constitúen o proceso de elaboración e sempre dependente do exame de *corpus* que se analice, así como do estudo continuado das obras das que se partiron, expostas anteriormente e que se recollerán na bibliografía.

BIBLIOGRAFÍA

- ALBUQUERQUE, Martim de; BORGES NUNES, Eduardo (eds.) (1988), *Ordenações Del-Rei Dom Duarte*, Lisboa: Fundação Calouste-Gulbenkian (en liña); <http://www.iuslusitaniae.fcsh.unl.pt/>
- AMORÓS, Celia (coord.) (1994), *Historia de la teoría feminista*, Madrid: Instituto de Investigaciones Feministas, D.L.
- COHEN, Rip (ed.) (2003), *500 Cantigas damigo. Edição crítica*, Porto: Campo das Letras.
- CORRAL DÍAZ, Esther (1996), *As mulleres nas cantigas medievais*, Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena (2005), *Elas e o paraugas totalizador: escritoras, xénero e nación*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- MATTOSO, José; PIEL, Joseph (eds.) (1980), *Livros velhos de linhagens*, Lisboa: Publicações Do II Centenário da Academia das Ciências.
- METTEMANN, Walter (ed.) (1981), *Afonso X, o Sabio, Cantigas de Santa María. Editadas por...*, 2 vols., Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- MOURE, Teresa (2011), *Queer-emos un mundo novo: sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións*, Vigo: Galaxia.
- NUNES, José Joaquim (ed.) (1972), *Cantigas d' amor dos trovadores galego-portugueses. Edição crítica acompanhada de introdução, comentário, variantes e glossário por...*, Lisboa: Centro do Livro Brasileiro.
- PALLARES MÉNDEZ, M^a Carmen (1993), *A vida das mulleres na Galicia medieval 1100-1500*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- PILOSU, Mário (1995), *A mulher, a luxúria e a igreja na Idade Média*, tradución de María Dolores Figueira, Lisboa: Editorial Estampa.

- RODRIGUEZ GIL, Magdalena (1986), “Las posibilidades de actuación jurídico – privadas de la mujer soltera medieval”, en Yves-René FONQUERNE (ed.) *La condición de la mujer en la Edad Media. Actas del Coloquio Hispano-Francés (Madrid, 5-7 Noviembre 1984)*, Madrid: Universidad Complutense, pp. 107-120.
- SÁNCHEZ-ARCILLA, José (ed.) (2004), *Las siete Partidas de Alfonso X*, Madrid: Reus.
- SEGURA, Cristina (ed.) (1990), *Las mujeres medievales y su ámbito jurídico. Actas de las II Jornadas de Investigación Interdisciplinaria*, Madrid: Seminario de Publicaciones da UAM, D.L.
- SILVA, Nuno Espinosa Gomes da; CAMPOS RODRIGUES, María Teresa (eds.) (1971), *Livro das Leis e Posturas*, Lisboa: Universidade de Lisboa (en liña); <http://www.iuslusitaniae.fch.unl.pt/>
- VASCONCELOS, Carolina Michaëlis de (1990), *Cancioneiro da Ajuda. Edição de...*, 2 vols., Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- VIDEIRA LOPES, Graça (ed.) (2002), *Cantigas de Escárnio e Maldizer dos Trovadores e Jograis Galego-Portugueses*, Lisboa: Estampa.

recibido: diciembre de 2014
aceptado: noviembre de 2015